



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Telef.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ZAS E O CONCELLO DE SANTA COMBA, PARA REFORZO DO SERVIZO DE POLICÍA LOCAL NO CONCELLO DE ZAS CON POLICÍAS LOCAIS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTA COMBA DURANTE A CELEBRACIÓN DA "XXXVIII FESTA DA CARBALLEIRA", QUE SE CELEBRARÁ OS VINDEIROS DÍAS 11 E 12 DE AGOSTO DE 2023.**

En Zas, a 9 de Agosto de 2023

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.** Os días 11 e 12 de agosto de 2023 celebrarase no Concello de Zas a "XXXVIII Festa da Carballeira", prevéndose unha grande afluencia de visitantes á mesma.

**SEGUNDO.** Dado que o Concello de Zas carece de efectivos suficientes, e prevese, con motivo desta celebración unha gran carga de traballo fai que se estime conveniente reforzar o servizo de seguridade do Concello con Policías Locais doutros Concellos.

**TERCEIRO.** O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policías Locais de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu Alcalde poderá chegar a acordos con outros Concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de ser preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polos funcionarios. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que en todo caso deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no Rexistro de Policías Locais de Galicia.

Do mesmo xeito o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro, por el que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, regula os citados Convenios nos artigos 8 e seguintes. O presente Convenio ten a súa causa no art. 9.1.b) do citado Decreto, xa que a necesidade extraordinaria deriva da celebración dunha Festa que congrega unha gran cantidade de persoas no Concello de Zas, sendo preciso mais persoal para garantir a seguridade.

Con base nestes antecedentes, asínase o presente convenio de Colaboración entre D. Manuel Muíño Espasandín, na súa calidade de Alcalde- Presidente do Concello de Zas, e D. Alberto Romar Landeira, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, que conforme as atribucións que lles confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, interveñen con capacidade plena para a sinatura do presente Convenio, e con suxeición as seguintes



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
//www.concellodezas.org//

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.** O Concello de Santa Comba comprométese a reforzar o Corpo de Policía Local do Concello de Zas, con UN efectivo do seu propio Corpo de Policía Local, o cal acepta voluntariamente o dito servizo, durante o vindeiro venres 11 e sábado 12 de agosto de 2023.

**SEGUNDA.** O efectivo do Corpo de Policía Local de Santa Comba deberá aceptar voluntariamente o servizo en Comisión de Servizos.

**TERCEIRA.** O horario no que ditos funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Zas, será:

O venres día 11 de agosto: dende as 21:00 horas de dito día ata as 05:00 horas do día 12 do mesmo mes.

O sábado día 12 de agosto: dende as 21:00 horas de dito día ata as 05:00 horas do día 13 do mesmo mes.

O horario poderá ser ampliado ou modificado en caso de urxencia ou necesidade.

**CUARTA.** O réxime no que tales funcionarios se atoparán durante a prestación dos servizos será de Comisión de Servizos.

**QUINTA.** Durante a prestación dos seus servizos polo policía local do Concello de Santa Comba, o mando corresponderalle ao Alcalde do Concello de Zas. Os principios de actuación serán os establecidos no art. 7 da Lei 4/2007 e as funcións as recollidas no art. 8 do mesmo corpo legal.

**SEXTA** O Concello de Zas remitirá ao Concello de Santa Comba, unha vez rematada a Festa da Carballeira, unha certificación acreditativa da realización dos traballos (con indicación de horas e do persoal que a realizou).

**SÉPTIMA** Os importes que o Concello de Zas se compromete a aboar ao Concello de Santa Comba son de 25 euros/hora por cada funcionario e por este servizo, que inclúen os gastos de persoal, dietas por manutención e indemnizacións por gasto de desprazamento, ou calquera outro gasto derivado da prestación deste servizo.

**OCTAVA** O Concello de Zas non recoñecerá nin pagará cantidade algunha ao axente asignado á prestación do servizo obxecto deste convenio de colaboración. O Concello de Zas ingresará o importe resultante do punto anterior na conta municipal do Concello de Santa Comba nº ES46 2080 0306 5831 1000 0048 no prazo dun mes dende que rematen os citados servizos.



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142  
[//www.concellodezas.org//](http://www.concellodezas.org//)

**NOVENA.** O Concello de Santa Comba, ingresará ao axente a contía resultante da comisión de servizos efectuada na nómina correspondente ao mes seguinte en que se realice a comisión.

**DÉCIMA.** A duración do presente Convenio será dende o momento da súa sinatura ata que o Concello de Zas cumpra coa súa obriga de pago ao Concello de Santa Comba.

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado exemplar o presente Convenio, na data e lugar indicados "at supra"

O Alcalde do Concello de Zas

O Alcalde do Concello de Santa Comba

Asdo. Manuel Muiño Espasandín

Asdo. Alberto Romar Landeira